

Un exemplo de medo grupal: o caso do coronavirus

A extensión progresiva do coronavirus resultou ser algo máis que unha enfermidade contagiosa con posible risco de epidemia. Converteuse nun feito social que serve de indicador de cal é a nosa actitude colectiva ante o medo. E nisto podemos observar que o temor non se manifesta unicamente como unha experiencia individual, senón grupal; experimentamos medos colectivos e facémolo a pesar da nosa vontade e mesmo sen darnos conta; de pronto atopámonos padecendo unha apreensión que se converte en medo a causa dunha influencia invisible. E poden suceder dúas cousas: que ese medo sobrevido nos encha de desacougo e chegue a angustiarnos, ou que nos vexamos transportados por el ata o punto de someterlle as nosas actitudes e xestos, incluso os máis nimios.

Así é como descubrimos que o medo non é soamente un asunto persoal, senón que ten unha dimensión colectiva enormemente importante. E isto é así porque ese medo experimentado de modo grupal e sobrevido pode converterse nunha ferramenta de control social. Máis aló do medo vivido como mecanismo evolutivo de adaptación ao medio, atopámonos co medo como estratexia de dominación social na que é empregado e dirixido cara ó control dos grupos humanos co obxectivo de beneficiar os intereses dos sectores de poder dominantes.

Non se trata xa de que nos asustemos, senón de que sexamos asustados sen que se vexa a man que move o susto; non é que reaccionemos de maneira lóxica a unha ameaza, senón que as ameazas, reais ou imaxinarias, inminentes ou potenciais, sexan utilizadas en contra dos nosos intereses para converternos en vítimas, non xa do que se supón que nos asusta, senón de quen organiza o medo colectivo para obter proveito de nós e facelo en detrimento do noso benestar, a nosa paz e a nosa liberdade.

(...)

O medo ao coronavirus demostranos non só o febles que somos bioloxicamente, senón o fráxiles que podemos ser socialmente. Ante a ameaza real ou hipotética somos capaces de aceptar ameazas progresivas á nosa liberdade —de movementos de persoas, de comportamentos persoais, de relacións sociais—que, un a un, parecen non ser nada, pero que, acumulados, poden supoñer unha grave deterioración do conxunto de liberdades persoais e colectivas, incluída a calidade das relacións entre as persoas. O que hoxe pode ser unha restrición aplicada a un sector social ou ao exercicio dunha liberdade xustificadas por unha necesidade profiláctica, mañá pode chegar a ser unha limitación que vaia máis aló dun interese inmediato semellante para adoptar outro alcance, se é que as persoas se acostumaron a aceptar unha lóxica de regulamentacións desta guisa que veña facilitada por ter asumido o correspondente temor grupal.

Gabriel Jaraba

09/03/2020

Diario Catalunya Plural